

# BASES CERTAME LITERARIO LETRAS GALEGAS

## PARTICIPACIÓN

- Poderá participar calquera persoa que pertenza á comunidade educativa deste centro: alumnado, familiares directos e persoal.
- Os traballos, de temática libre, deberán ser inéditos e, por suposto, estar redactados en lingua galega.
- Admítense as seguintes **modalidades**:
  - **Prosa**:
    - **Conto ou narración breve** (cunha extensión máxima de dúas páxinas impresas a unha cara e dobre espazo ou tres manuscritas).
    - **Microrrelato** (de non máis de dez liñas).
  - **Verso**:
    - **Poema** (cunha extensión máxima de dúas páxinas impresas a dobre espazo ou manuscritas).
    - **Micropoema**.

## PRESENTACIÓN

- Os traballos poderán presentarse tanto en formato físico como electrónico.
  - NO CASO DA SÚA PRESENTACIÓN EN **FORMATO FÍSICO**:
    - **Deberán ser entregados** a un profesor do *Equipo de Dinamización da Lingua Galega nun sobre* (estándar ou de elaboración propia).
    - A fin de poder encadrar o traballo na correspondente sección do certame, no exterior do sobre deberán constar os seguintes **datos**:
      - ✓ Un **pseudónimo** da/do remitente.
      - ✓ **Curso** (no caso de membros do alumnado)
      - ✓ **Relación co centro** (de tratarse dun adulto)
    - **No interior do sobre deberase gardar**, ademais do texto da carta, **outro sobre máis pequeno**. No seu exterior figurarán os mesmos datos que os citados para o sobre grande, mentres que no seu interior deberase incluír unha tarxeta co **nome real** da/do remitente.
  - NO CASO DA SÚA PRESENTACIÓN EN **FORMATO ELECTRÓNICO**:
    - **Deberán ser enviados ao enderezo de correo electrónico** [dinamizacion@lestonnacferrol.com](mailto:dinamizacion@lestonnacferrol.com), podendo tratarse dun documento de texto/pdf ou achegarse correctamente escaneada ou fotografada.
    - En todo caso, a fin de poder encadrar o traballo enviado na correspondente sección do certame, no correo deberán constar os seguintes **datos**:
      - ✓ **Nome** da/do remitente.
      - ✓ **Curso** (no caso de membros do alumnado)
      - ✓ **Relación co centro** (de tratarse dun adulto)
- En calquera caso, **o traballo non debe conter o nome real da/do remitente**.

## PRAZO

- A **data límite** para a entrega de traballos queda fixada para o **luns 8 de maio** de 2023.

## CATEGORÍAS

- Establécense **8 categorías** de participación:

- I.** Educación Infantil
- II.** 1º ciclo de Educación Primaria
- III.** 2º ciclo de Educación Primaria
- IV.** 3º ciclo de Educación Primaria
- V.** 1º ciclo de Educación Secundaria
- VI.** 2º ciclo de Educación Secundaria
- VII.** Categoría Especial
- VIII.** Adultos

## XURADO

- Un xurado **composto por membros do EDLG** será o encargado de seleccionar os traballos gañadores. A súa decisión será inapelable.
- Resolveranse **dous premios para cada categoría**, reservándose o xurado a posibilidade de declarar deserto algún deles.
- A súa **resolución** farase pública o martes 16 de maio, formando parte do noso **Acto das Letras**.

## CONSIDERACIÓNS XERAIS

- A organización resérvase o dereito a facer público o contido dos traballos gañadores mediante unha ou varias das seguintes opcións: exposición nun taboleiro do colexio ou espazo público do mesmo, inclusión en algunha das publicacións do centro (revista ou blog)...
- A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases arriba expostas.

**As nosas letras necesitan de novos autores.**

**Animádevos a participar!**